

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Educación

Bases reguladoras do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na rede de escolas infantís municipais (REIM) para o curso 2024-2025

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE ADMISIÓN NAS ESCOLAS INFANTÍS INTEGRADAS NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (REIM) PARA O CURSO 2024-2025

1. OBXECTO

- As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais (en diante, REIM), do Concello da Coruña para o curso escolar 2024-2025.
- Forman parte da REIM as seguintes escolas infantís, co seguinte horario:

Escola	Enderezo	Horario do centro	Horario escolar
EIM A Caracola	R/ Illas Cíes, s/n (Novo Mesoiro)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	08:00 a 16:00h
EIM Agra do Orzán	R/ Alcalde Liaño Flores, s/n (Agra do Orzán)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	08:00 a 16:00h
EIM Arela	Avda. de Oleiros, s/n (Elviña)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	08:00 a 16:00h
EIM Carricanta	R/ José M. Hernansáez, 11 (Castrillón)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	09:00 a 17:00h
EIM Los Rosales	R/ Alfonso R. Castelao, s/n (Los Rosales)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	09:00 a 17:00h
EIM Luis Seoane	R/ Vixía, s/n (Monte Alto)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	09:00 a 17:00h
EIM Monte Alto	R/ Forcarei, s/n (Monte Alto)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	09:00 a 17:00h
EIM Os Cativos	Lg. Río de Quintás, 1 (Palavea)	Luns a venres de 07:00 a 17:00 h	08:00 a 16:00h

2. PROCESO DE ADMISIÓN

O proceso de admisión establécese en función de dúas tipoloxías distintas, con distintos prazos para cada unha delas:

- Reserva de praza.
- Novos ingresos:
 - Carácter preferente.
 - Carácter ordinario.

3. RESERVA DE PRAZA

a) Os/as menores escolarizados/as na REIM terán dereito a renovar a praza na súa escola nas datas que se indiquen, sempre e cando estean ao día no pagamento das tarifas mensuais por servizos complementarios como almorzo, xantar ou ampliación horaria.

b) Poderá solicitarse a reserva de praza noutra escola da REIM, cando existan prazas libres nesta e sempre que se cumpra o requisito anterior e se teña un/unha irmán/á xa escolarizado/a na escola solicitada, co obxecto de facilitar o reagrupamento entre irmáns na mesma escola. No caso dun/dunha menor con necesidades específicas de apoio educativo (en diante, NEAE), é necesario que non haxa outro/a menor con NEAE na unidade na que se solicite ingresar e exista a praza vacante.

As familias que estean nesta situación presentarán na secretaría da escola a seguinte documentación:

- Modelo de ficha de reserva de praza facilitada na escola.
- Libro de vacinas actualizado.
- Calquera outra documentación que a escola considere necesaria para a prestación do servizo.

4. NOVOS INGRESOS

Logo de finalizar o prazo de reserva de praza, publicarase unha listaxe das prazas vacantes en cada unha das escolas e na páxina web do concello (<https://www.coruna.gal/educacion>) e abrirase o prazo para solicitar unha praza de novo ingreso (preferente ou ordinario). A súa vez establécense dúas modalidades de novo ingreso:

4.1. CARÁCTER PREFERENTE:

Terán carácter preferente, as solicitudes de prazas cuxas circunstancias sexan as seguintes:

- As correspondentes aos fillos ou fillas do persoal que presta servizos na escola, de conformidade co sinalado no convenio laboral de aplicación, cos límites de prazas nel establecidos . O convenio actual recolle este dereito como mellora social. A empresa xestora deberá asumir, polo tanto, o custo destas prazas, de conformidade co artigo 72 do dito convenio (BOE núm. 178 do 26.07.2019). O importe seralle descontado á empresa nos aboamentos mensuais.

- As de nenos/as que contén cun irmán ou cunha irmá escolarizado/a para o curso 2024-2025 nunha escola da REIM, para os efectos de matricularse nela por primeira vez.

- As consideradas de urxencia social. Enténdese por prazas de urxencia social, aquelas que concorran nas seguintes situacións:

- Menores tutelados/as ou en situación de garda por parte da Administración autonómica.
- Fillos e fillas de mulleres que estean en centros de acollida ou sexan vítimas de violencia de xénero.
- Menores que se atopen nun contexto sociofamiliar de risco social e requiran dunha intervención inmediata.

4.1.1. Documentación:

Todas estas situacións enumeradas deberán acreditarse documentalmente para xustificar o carácter preferente:

- **Fillas/os do persoal que presta servizos na escola:**

- Certificación da empresa que xestiona a escola infantil na que se sinala que o/a solicitante é persoal da empresa ,que non se superan os límites de reserva de praza, establecidos no artigo 72 do convenio laboral e que esta asume o custo da praza.

- **Nenos e nenas que se matriculen por primeira vez e contén cun irmán ou unha irmá nela:**

- Certificado da escola que acredite esta situación.

- **Urxencia social:**

- Para menores tutelados/as ou en situación de garda por parte da Administración autonómica.
 - o Resolución administrativa da situación de garda/tutela expedido polo órgano competente da Administración autonómica.
- Para fillos e fillas de mulleres que estean en centros de acollida ou sexan vítimas de violencia de xénero a documentación acreditativa de unidades familiares vítimas de violencia de xénero, segundo o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 - o Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - o Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra acode estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
 - o Certificación e/o informe dos servizos sociais e/o sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - o Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - o Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - o Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - o Calquera outras que se establezan regulamentariamente.

- Para menores que se atopan nun contexto sociofamiliar de risco social e requiran dunha intervención inmediata.
- o Informe técnico do sistema de servizos sociais, no que se valore a urxencia social e se propoña como recurso axeitado para a atención do/da menor a escola infantil municipal, de maneira motivada e coherente cos obxectivos da intervención social proposta.

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), deberá acreditarse a concorrencia desta circunstancia.

Esta documentación deberá completarse coa indicada no apartado 5.1.

4.2. CARÁCTER ORDINARIO

As restantes solicitudes de novo ingreso que non teñan carácter preferente serán obxecto de baremación de cara á asignación de prazas, segundo o procedemento que se establece nos apartados seguintes destas bases reguladoras

4.2.1. REQUISITOS DE ACCESO PARA O PROCESO DE ADMISIÓN DE NOVO INGRESO

Serán requisitos para solicitar unha praza na REIM:

- Ter unha idade mínima de 3 meses o día de comezo do curso escolar e non ter cumpridos os 3 anos o 31 de decembro de 2024. Non obstante o anterior, poderanse eximir do límite de idade dos 3 anos os nenos/os con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), de acordo coa normativa vixente.
- Para solicitar unha praza de novo ingreso será necesario que o/a menor estea empadroadado/a con algún dos proxenitores. Para determinar o domicilio tomarase como referencia o da/do solicitante.

4.2.2. CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA AS SOLICITUDES DE NOVO INGRESO DE CARÁCTER ORDINARIO

En primeiro lugar, obterán unha praza nas escolas solicitadas os/as nenos/as empadroados/as no Concello da Coruña. En segundo lugar, no caso de existir prazas vacantes, poderán obter praza os/as fillos/as de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo no Concello da Coruña. En terceiro lugar, poderán acceder os/as nenos/as doutros concellos.

Logo de aplicar este criterio de prioridade e só se existisen máis solicitudes que vacantes, procederase a baremar as solicitudes de acordo cos criterios que se indican no subapartado 4.2.3 que segue.

4.2.3. CRITERIOS DE BAREMACIÓN

A baremación para acceder ás escolas será única para todas as escolas e levarase a cabo tendo en conta os seguintes criterios:

A. Situación sociofamiliar. Puntuarase do seguinte xeito:

Situación sociofamiliar	Puntuación
Irmáns/ás solicitando praza simultaneamente	4 puntos
Menor solicitante cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou grao de valoración da situación de dependencia recoñecido	3 puntos
Por cada proxenitor/a que forme parte da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%	1 punto (máximo 2)
Condición de familia monoparental/monomarental	2 puntos
Condición de familia numerosa	2 puntos

Enténdese por familia monoparental/monomarental o núcleo familiar composto por un único proxenitor/a que, non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, os fillos ou fillas ao seu cargo e, que se atope nalgún dos supostos recollidos no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Enténdese por familia numerosa ás comprendidas nos supostos previstos na regulación dos artigos 2 a 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

B. Situación sociolaboral. Puntuarase do seguinte xeito:

Situación sociolaboral	Puntuación
Ocupación laboral das persoas proxenitoras ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	8
Ocupación laboral dunha das persoas proxenitoras ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	4
Condición de familia monoparental/monomarental traballando ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	8

C. Situación económica.

A puntuación asignada na situación económica da unidade familiar, só se terá en conta, cando exista un empate entre varias solicitudes de acordo coa puntuación obtida nas situacións sociofamiliar e sociolaboral.

C.1 Entenderase por unidade familiar, para os efectos destas bases, a composta, no momento da solicitude, polos cónxuxes non separados legalmente, así como as persoas unidas por análoga relación de afectividade, ou a formada por unha soa persoa proxenitora, máis:

- As fillas/os menores de idade, agás que vivan de xeito independente.
- As fillas/os maiores de idade que residan no domicilio e dependan economicamente dos proxenitores e se encontren nalgún destes supostos:
 - Persoas que teñan recoñecida algunha medida de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica ou equivalente, ou que teñan recoñecido un grao de valoración da súa situación de dependencia ou un grao de discapacidade igual o superior ao 33%, ou patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Cursando estudos, mesmo no caso de que residan noutra localidade ao longo do curso.
- As /os menores en situación de acollemento familiar
- No caso dos proxenitores/as separados/as ou divorciados/as, enténdese por unidade familiar a formada polo/a proxenitor/a que teña a garda e custodia e, se os /as houbera, o/s irmán/s ou irmá/s que se acolla/n ao apartado anterior e que conviva/n no domicilio familiar e así conste no padrón de habitantes.

C.2 A renda familiar calcularse tomando como referencia o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas de cada membro do exercicio fiscal correspondente ao ano 2022, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para as persoas non obrigadas a presentar a declaración do IRPF, teranse en conta os datos económicos do nivel de renda que figuren na Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT).

C.3 No se terán en conta os datos das familias sobre as que a AEAT non certifique o peche do ano fiscal correspondente ou non estean dadas de alta na AEAT. No caso de non autorizar a consulta dos datos tributarios deberán achegar esta documentación xunto coa solicitude.

C.4 Para determinar a puntuación para os efectos do desempate entre solicitudes, tomarase como referencia a renda do ano que corresponda e basearase nos seguintes tramos:

Tramos de renda	Puntuación
Rendas inferiores a 12.000 €	7
Rendas comprendidas entre 12.001 € e 17.500 €	6
Rendas comprendidas entre 17.501 € e 23.000 €	5
Rendas comprendidas entre 23.001 € e 28.500 €	4
Rendas comprendidas entre 28.501 € e 34.000 €	3
Rendas comprendidas entre 34.001 € e 39.500 €	2
Rendas comprendidas entre 39.501 € e 45.000 €	1
Rendas superiores a 45.000 €	0

Se, logo de aplicar tamén o baremo da situación económica, persistise o empate entre varias solicitudes, resolverase a asignación da praza tendo en conta o resultado do sorteo público das dúas primeiras letras de prioridade, tanto para o primeiro apelido como para segundo apelido. O dito sorteo realizarase no Servizo Municipal de Educación antes do inicio do período de solicitude da praza. A data e hora de celebración do sorteo publicarase na web municipal www.coruna.gal/educacion, como mínimo, un día antes da súa celebración. O resultado do sorteo publicarase tamén na mesma páxina web, como máximo, dentro dos tres días seguintes á súa celebración.

5. PROCEDIMIENTO COMÚN PARA A ADMISIÓN E ASIGNACIÓN DE PRAZAS DE NOVO INGRESO

Poderán solicitar a praza aquelas persoas que reúnan os requisitos sinalados anteriormente no punto 4.2.1. (Requisitos de acceso para o proceso de admisión de novo ingreso) destas bases.

Presentarán unha única solicitude, pedindo por orde de prioridade as escolas polas que se opta. Nesta solicitude poderán solicitar ata un máximo de dúas escolas. A adxudicación das prazas realizarase tendo en conta a escola infantil seleccionada como primeira opción na orde de preferencia da solicitude.

A adxudicación dunha praza na escola indicada na primeira ou segunda opción, implicará a eliminación das listaxes de agarda da outra opción solicitada.

A orde da adxudicación das prazas será a seguinte:

En primeiro lugar, obterán unha praza nas escolas solicitadas os/as nenos/as empadroados/as no Concello da Coruña.

En segundo lugar, no caso de existir prazas vacantes, poderán obter praza os/as fillos/as de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo no Concello da Coruña.

En terceiro lugar, poderán acceder os/as nenos/as doutros concellos.

5.1. LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

As persoas interesadas deben facer unha preinscrición en liña na web municipal <http://www.coruna.gal/educacion> a través da ficha específica "Solicitude de praza na escola infantil 2024-2025". Logo de cubrir e completar a dita ficha, o sistema elabora un xustificante (documento PDF) que se enviará ao correo electrónico facilitado no momento da realización da inscrición. Este documento deberase imprimir, asinar e presentar no rexistro xeral, xunto co resto da documentación, no prazo de presentación das solicitudes. Non se considerará efectuada a solicitude mentres non se presente no rexistro electrónico do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl>), nos rexistros municipais ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

O xustificante de confirmación da preinscrición en liña ten un número de identificación (ID), que será o de referencia de cada expediente no proceso e, para localizar ás persoas solicitantes nas listaxes publicadas. O dito xustificante é só un trámite previo necesario para poder formular validamente a solicitude da praza propiamente dita e non ten en ningún caso a consideración de solicitude da praza nunha escola infantil para o curso 2024-2025.

A documentación e a ficha de preinscrición asinada polos dous proxenitores deberá presentarse, preferiblemente no rexistro electrónico do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl>), nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Só se considerará validamente formulada a solicitude de praza presentada nos a través do rexistro electrónico do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl>), dos rexistros municipais ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Para as solicitudes de novo ingreso con carácter preferente e con carácter ordinario, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte **documentación**:

- a) Xustificante de confirmación da preinscrición en liña asinado polas dúas persoas proxenitoras. Só será necesaria unha sinatura no caso das familias monoparentais/monomarentais ou das persoas proxenitoras que teñan a patria potestade en exclusiva.
- b) Copia do DNI/NIE ou documento acreditativo da identidade das dúas persoas proxenitoras (de ser o caso, anverso e reverso). No caso de presentar o Certificado de Rexistro de Cidadán da Unión, este deberase achegar xunto co documento de identidade do país de orixe.
- c) Copia do libro de familia ou, na súa falta, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- d) No caso de non ter nacido o/a menor para quen se solicita a praza, un certificado médico que indique a posible data prevista para o seu nacemento. Nestes casos, a condición de nacido/a deberá acreditarse no momento de realizar a matrícula na escola asignada.
- e) No caso de separación ou divorcio, a sentenza ou documentación acreditativa de que o/a menor está a cargo da persoa solicitante ou ben goza de custodia compartida.
- f) No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), deberá acreditarse a concorrencia desta circunstancia.
- g) No caso dos/das menores empadroados/as fóra do Concello da Coruña, presentarse o certificado de padrón no que se acredite que o/a menor reside con algún dos seus proxenitores.
- h) As solicitudes con carácter preferente, ademais, deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos sinalados para ter dereito ao ingreso preferente, tal e como se recolle no punto 4.1.1.

- i) Os/as residentes noutros municipios, que traballen no Concello da Coruña, deben achegar un certificado de empresa no que conste que a persoa traballa nun centro de traballo con domicilio na Coruña.
- j) No caso de non autorizar na preinscrición online a consulta dos datos tributarios, deberá achegar a/s declaración/s da renda dos membros da unidade familiar correspondente/s ao exercicio 2022.
- k) Para os casos nos que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (non constar dado de alta no censo de contribuíntes, persoas sen DNI/NIE ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país) será obrigatorio que se presente unha declaración responsable que deberá vir asinada polos proxenitores afectados por esta circunstancia. Cada proxenitor deberá facer constar os seus ingresos obtidos nos últimos doce meses, así como a súa procedencia. Xunto coa declaración xurada deberá achegar a súa vida laboral e, no caso de traballar en España, copia de:
- As nóminas dos últimos seis meses anteriores a data da solicitude, no caso de traballadores por conta allea.
 - As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.
- l) As persoas empadroadas no Concello da Coruña, no caso de non autorizar a consulta do padrón na solicitude en liña, deberán achegar un certificado de padrón que acredite a residencia no concello do/da solicitante con algún dos proxenitores.

A falta de presentación dalgún dos documentos dentro do prazo de presentación da solicitude e de emenda suporá a exclusión do proceso.

Outra documentación a efectos de valoración:

- No caso de familias monoparentais,/monomarentais, certificado vixente no prazo de presentación das solicitudes, expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou o órgano competente da Administración autonómica.
- Certificado expedido polo órgano competente, se é o caso, do grao de discapacidade, ou a resolución do recoñecemento do grao de valoración da situación de dependencia do/da menor, ou de recoñecemento dalgunha medida de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica.
- No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), deberá achegarse a documentación que acredite a concorrencia desta circunstancia.
- Documentación xustificativa da situación laboral das persoas proxenitoras ou titoras mediante un informe de vida laboral actualizado no período de presentación da solicitude. No caso dos/das traballadores/as por conta propia, o recibo do pagamento da cota á Seguridade Social, ou da correspondente mutualidade, do mes anterior ao período de solicitude.
- De ser o caso, a xustificación acreditativa do impedimento das persoas proxenitoras para atender ao neno ou á nena.
- De ser o caso, título acreditativo da condición de familia numerosa vixente no prazo de presentación das solicitudes, expedido pola consellería competente da Administración autonómica.

A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos neste apartado dentro do prazo de presentación da solicitude e de emenda suporá a non valoración no apartado correspondente.

5.2. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Logo de revisar a documentación presentada, publicarase unha listaxe das persoas admitidas e non admitidas e, neste último caso, indicarse a causa que motiva esta circunstancia.

Emenda de documentación

Logo de publicarse esta listaxe, abriase un prazo de 10 días hábiles para que, no caso que corresponda, se poida emendar a documentación presentada. De non facelo, considerarase que desiste da súa petición.

5.3. BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE ALEGACIÓNS

Logo de que finalice o prazo de emenda ou corrección da documentación, a Comisión de Escolarización, constituída de conformidade co sinalado no Regulamento de organización e funcionamento das Escolas da REIM, valorará as solicitudes presentadas e publicará na páxina web <http://www.coruna.gal/educacion> as seguintes listaxes:

- Solicitudes admitidas coa proposta das puntuacións obtidas conforme ao baremo que figura nas bases.
- Solicitudes excluídas do proceso, indicando a causa de exclusión.

Logo de publicarse estas listaxes provisionais, abriase un prazo de 10 días hábiles para que, no caso que corresponda, poidan realizarse alegacións ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no

expediente. Despois de resolver as alegacións presentadas, ou de finalizar o prazo para que estas fosen presentadas, a Comisión de Escolarización enviaralle ao órgano competente a lista definitiva do alumnado admitido con praza adxudicada, a listaxe de agarda e a listaxe de solicitudes excluídas para a súa aprobación.

As listaxes aprobadas serán publicadas na páxina web do Servizo de Educación (www.coruna.gal/educacion) e en cada unha das escolas da REIM, para os efectos de proceder a xestionar as matrículas no prazo que se estableza.

6. XESTIÓN DAS MATRÍCULAS DO ALUMNADO ADMITIDO

A matrícula será xestionada por cada unha das escolas da REIM. A persoa solicitante admitida deberase dirixir á escola asignada e presentar a seguinte documentación:

- Carta sanitaria do/a neno/a
- Carta de vacinas da/o nena/o
- De ser o caso, informe médico sobre alerxias ou intolerancias
- Calquera outra documentación que a escola requira en función das circunstancias particulares de cada caso.

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación, así como a formalización da matrícula no prazo sinalado son imprescindibles para confirmar a praza. No caso contrario, a persoa interesada decaerá da súa solicitude e do dereito á praza e ofertaráselle á seguinte persoa solicitante en lista de agarda por rigorosa orde de puntuación.

7. PRAZAS VACANTES

Logo de terse completado este proceso, establecerase unha convocatoria aberta sometida aos mesmos criterios de baremación sinalados nestas bases. A Comisión de Escolarización establecerá reunións periódicas para revisar as solicitudes recibidas.

8. CUSTO DE PRAZA ESCOLAR E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O custo da praza escolar dará dereito a 8 horas de atención educativa gratuïta, as familias terán unha bonificación do 100% neste concepto.

No caso dos servizos complementarios (almorzo, comedor, merenda, horario ampliado etc.) todas as persoas usuarias deberán aboar integramente as tarifas fixadas pola Xunta de Goberno Local, que serán as mesmas para toda a rede. Deberáselle pagar directamente á entidade que xestione a escola infantil.

9. PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles e comezará a contar dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

10. RÉXIME DE RECURSOS

Fronte a estas bases e todos os actos administrativos que se adopten na súa execución, cabe interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, un recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, 21 de marzo de 2024

Eudoxia María Neira Fernández

Concelleira Delegada da Área de Benestar Social

2024/1975